

# PLAN DIXITAL

## CEIP Vicente Risco

Versión 1.0 - xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## Introdución

- a. Datos básicos do centro
- b. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- c. Breve xustificación do mesmo
- d. Proceso de elaboración

## Situación de partida

- a. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- b. Fontes empregadas para a análise DAFO
- c. Análise DAFO

## Plan de Acción

- a. Obxectivos, indicadores e accións
- b. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## Avaliación do PD

- a. Seguimento do Plan de Acción
- b. Propostas de mellora (revisión)

## Difusión do PD

## Introdución

### ●1.Datos básicos do centro

<b>NOME DO CENTRO</b>	C.E.I.P. Vicente Risco
<b>CÓDIGO</b>	36010629
<b>DOMICILIO</b>	Rúa Santander, 10
<b>LOCALIDADE</b>	Vigo
<b>CONCELLO</b>	Vigo
<b>PROVINCIA</b>	Pontevedra
<b>TELÉFONO</b>	<a href="tel:886120185">886 120 185</a>
<b>CIF</b>	S8600060A
<b>E-MAIL</b>	ceip.vicente.risco@edu.xunta.gal
<b>WEB</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/</a>
<b>IES DE ADSCRICIÓN</b>	IES Rosais II

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo de maneira que así pretendemos dar unha perspectiva de estabilidade e continuidade, dato positivo para o centro.

Na seguinte táboa podemos ver os postos de traballo vixentes neste curso escolar con profesorado definitivo, provisional e/ou interino:

POSTO DE TRABALLO - ESPECIALIDADE	Nº MESTRES/AS (curso 2020-21)
Educación Infantil	2
Educación Primaria	5
Filoloxía Inglesa	1
Educación Musical	1
Educación Física	1
Pedagoxía Terapéutica	1
Orientación (itinerante compartido co CEIP Ramón y Cajal)	1
Relixión (itinerante compartido co CEIP Valle Inclán)	1
Audición e Linguaxe (compartida co CEIP Ramón y Cajal)	1
	<b>15</b>

Para o presente curso o CEIP Vicente Risco iniciou cunha matrícula total de **93 alumnos/as** e agora hai **101 alumnos/as**

## ●.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Plan Dixital que se desenvolve no presente documento, foi deseñado para ser aplicado no CEIP Vicente Risco, situado no Concello de Vigo, nan provincia de Pontevedra.

O centro educativo: CEIP VICENTE RISCO de Vigo naceu co nome de Agrupación escolar Nº 3 mixta de Coutadas-Teis e converteuse nos anos 70 no Colexio Nacional Mixto de Teis-Coutadas; máis tarde a comezos dos 80 pasaría a denominarse co nome actual de CEIP Vicente Risco.O edificio foi deseñado por lo arquitecto D. [Antonio de Cominges](#). É un Centro de Educación Infantil e

Primaria (CEIP) dunha liña, de titularidade pública que atende actualmente cinco niveis de Primaria e un grupo de E. Infantil inicialmente, pero ao verse incrementado dunha maneira moi significativa a chegada de alumnado de países de Sudamérica e Centroamérica a finais de setembro se nos abre a posibilidade de que haxa un mestre/mestra de Educación Infantil para 3 anos, xa que a ratio vese aumentada outorgando dende Inspección educativa e Xefatura Territorial o novo docente, podendo así permitir que o centro creza dende os cursos máis baixos.

O Nivel cultural e económico é medio-baixo na maioría das familias.

Este Plan toma como referencia as indicacións realizadas tanto no Proxecto Educativo do centro, como nas sucesivas Programacións Xerais Anuais; nas que se sinala como un dos obxectivos a "mellora da Competencia Dixital do alumnado" así como o "fomento no uso das ferramentas TIC por parte dos integrantes da comunidade escolar".

Deste mesmo xeito, queda tamén enmarcado nas propostas realizadas no actual "Plan das TIC" do centro, incluído no mencionado Proxecto Educativo de centro. Documento que se tivo como referencia á hora de elaborar certos aspectos do presente Plan, de modo que conteña todas as finalidades nel sinaladas.

Tanto a PXA do vindeiro curso, así como Proxecto Educativo, que terá que ser reelaborado, para adaptarse á LOMLOE, contemplarán as indicacións feitos no presente Plan Dixital, que se desenvolverá nas seguintes páxinas.

### ●.3. Breve xustificación do mesmo

*Para a elaboración do Plan Dixital do noso centro tivéronse en conta, entre outros, os seguintes aspectos normativos:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021- 2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*
- *LOMCE: Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade da Educación.*
- *Currículos LOMCE de Educación Infantil en Galicia : Decreto 330/2009 do 4 de xullo.*
- *Currículos LOMCE de Educación Primaria en Galicia: Decreto 105/2014 do 4 de setembro.*
- *LOMLOE: Lei Orgánica 3/2022 do 29 de decembro, pola que se modifica a lei orgánica 2/2006 do 3 de maio.*

*Debemos ter en conta que durante o proceso de elaboración deste documento, nos atopamos **nunha transición na aplicación de dúas normativas educativas LOMCE e LOMLOE**. Será esta última aquela na que se comezar a aplicar este plan. Por este motivo tivéronse en conta os aspectos relacionados coa Competencia Dixital establecidos en ámbalas dúas normativas, pero especialmente na segunda.*

*Do mesmo xeito, aínda que no momento da elaboración deste documento, os **currículos LOMLOE de Galicia** non se atopaban oficialmente presentados, si se tiveron en conta as consideracións feitas nos **borradores dos mesmos**, tanto para a Educación Infantil como de Primaria, nos aspectos relacionados coa Competencia Dixital.*

## ●.4. Proceso de elaboración

*A proceso organizativo para a elaboración deste plan, encadrouse dentro dunha das liñas de actuación do Plan de Formación Permanente do Profesorado, organizado no Centro para o presente curso, constituíndose dentro do mesmo un grupo de traballo no que participou o Equipo Directivo do centro.*

*Deste xeito, todo o Equipo directivo formou parte activa do equipo que deseñou e elaborou este documento; segundo a organización levada a cabo por parte do Coordinador do grupo de traballo, en sucesivas reunións. Orientado todo o proceso polo equipo [ADIX\\_VIG\\_1](#), no que fomos enmarcados.*

*Tras sucesivas actividades e recompilación dos resultados dos documentos para valorar a situación de partida (SELFIE, TestCDD), deuse forma a este documento, para ser presentado e aprobado tanto en Claustro como por parte do Consello Escolar.*

## Situación de partida

### . 2.1.- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Vicente Risco, obxecto de aplicación deste Plan, conta coa seguinte infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

## • Infraestrutura dixital:

O Centro conta cunha rede LAN cableada que chega a tódalas dependencias da mesma, que contan con, alomenos, un conector de parede para a conexión por cable.

O centro posúe tamén con dúas redes inarámicas – Wifi -que dan cobertura á totalidade do centro (agás ó pavillón). Unha delas da rede ED, pero que non funciona e outra, recién posta, da rede edu.xunta.. A outra rede inalámbrica, correspondese coa rede "Abalar-Edixgal", poden conectarse os equipos E-dixgal do alumnado, profesorado e aula, así como o profesorado coas súas credenciais de acceso corporativas (edu.xunta.gal) en calquera equipo. Salientar que os repetidores específicos desta rede foron retirados, xa que se instalaron os novos da rede edu.xunta

No armario de comunicacións, ademais dos respectivos RAC para as redes mencionadas, cóntase cun servidor de rede denominado "Servidor Abalar", que forma parte do equipamento das aulas Edixgal (Abalar). Este ademais de ser servidor de contidos cumpre as funcións de NAT para a citada rede wifi E-dixgal.

## • Equipamento dixital:

O centro conta co seguinte equipamento dixital correspondente ás aulas Edixgal:

Denominación	Unidades	Localización	Usuarios	Finalidade
<b>Portátiles Edixgal alumnado</b>	34 (14 en 5º, 17 en 6º e 3 en reserva)	Aula de 5º e 6º e domicilios	Alumnado de aulas Edixgal	Docencia
<b>Portátiles Edixgal profesorado</b>	6	Aulas e domicilios	Profesorado con docencia en aulas Edixgal	Docencia
<b>Portátiles Edixgal de aula</b>	2	Aula de 5º e 6º	Profesorado – aula Edixgal	Docencia
<b>EDI Edixgal</b>	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia



<b>Carro de carga</b>	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia
<b>Proxector</b>	2	Aula de 5º e 6º	Aula Edixgal	Docencia

O centro conta co seguinte equipamento dixital en dependencias que non son aulas Edixgal.

AULA	TIPO DE DISPOSITIVO	MARCA	FUNCIONA
Música	Proxector	Epson	Si
Música	Ordenador portátil	Lenovo	Si
Música	Cadea musical	Sony	Si
Música	Teclado musical	Yamaha	Si
1º de Educación Primaria	Proxector	Benq	Si
1º de Educación Primaria	Ordenador portátil	HP	Si
2º de Educación Primaria	Proxector	Benq	Si
2º de Educación Primaria	Ordenador portátil	Dell	Si
3º de Educación Primaria	Proxector	Benq	Si
3º de Educación Primaria	Ordenador portátil	Dell	Si
3º de Educación Primaria	Radio CD USB	Sanyo	Si
3º de Educación Primaria	2 altavoces	Empire	Si
PT	Pantalla ordenador (monitor)	Hyundai	Si
PT	Teclado	Kiddy Club	Si
PT	CPU	Hacer	Si
PT	2 altavoces	JS	Si
Orientación	Ordenador portátil	Acer	Si
Orientación	Pantalla ordenador (monitor)	Hyundai	Si
Orientación	Impresora	Oki	Si
Relixión	Ordenador portátil	Acer	Si
Relixión	Pantalla	Smart	Non
Relixión	Proxector	Epson	Si
AL	Pantalla ordenador (monitor)	Hyundai	Si
AL	2 altavoces	Netway	Si
Dirección	Ipad	Apple	Si
Dirección	Ordenador de sobremesa	HP	Si
Dirección	Ordenador de sobremesa	HP	Si
Dirección	Portátiles concello (brecha dixital) 2		Si
Dirección	Portátiles concello (brecha dixital) – 2		Si

Dirección	Ordenadores Chromebook (12)		Si
Infantil 6 anos	Ordenador portátil	Lenovo	Si
Infantil 6 anos	2 altavoces	Trust	Si
Infantil 6 anos	Radio CD USB Cassete	Sanyo	Si
Infantil 6 anos	Pizarra Dixital	IQBoard	Si
4º de Educación Primaria	Proxector	Hacer	Si
4º de Educación Primaria	2 altavoces	Empire	Si

## • **Servizos dixitais:**

◦ O centro participa, desde fai moitos anos, no proxecto "Webs dinámicas", da Consellería de Educación, polo que conta con:

▪ Páxina web (Drupal) no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/>

▪ Aula Virtual (Moodle) no enderezo:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenterisco/aulavirtual/>

- Como centro E-Dixgal, contamos cun Espazo Virtual de Aprendizaxe (EVA), ofertado polo citado proxecto, accesible no enderezo: <https://eva.edu.xunta.gal>

Temos acceso tamén ó uso doutras ferramentas corporativas como son: Abalar Móbil, Espazo Abalar,... así como a Webex como sistema de vídeoconferencias.

O equipamento do centro e o seu mantemento corre a cargo da UAC (Unidade de Atención a Centros), naqueles casos en que foron remitidos desde a administración.

No caso do equipamento mercado polo propio centro o mantemento deste corre a cargo, nun primeiro momento, do coordinador TIC E-dixgal quen, no caso de non poder solventalo tramita a reparación no correspondente servizo técnico.

No caso do equipamento correspondente ó proxecto Edixgal, o mantemento deste corre a cargo do "Soporte Premium", sendo o coordinador E-dixgal o responsable de facer os trámites pertinentes ante o servizo. No caso dos equipos do alumnado, se ben as familias son as responsables de facer esa tramitación, desde o centro ofrécese orientación e mediación na comunicación co soporte de ser preciso.

## ●.5.Fontes empregadas para a análise DAFO

### *Autoavaliación SELFIE:*

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	3,8				

<b>profesional continuo</b>	Profesorado	4,7				
	Alumnado					
<b>E- Pedagogía: Apoyo e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4				
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,4				

## Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	7	8	87,5%
<b>PROVISIONAL</b>	2	3	66,7%
<b>INTERINO</b>	2	2	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	5	7	71,4%
<b>DESPRAZADO-outros</b>	1	1	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,9	integrador/a (B1)	76,4	integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	85,6	integrador/a (B1)	68,2	integrador/a (B1)
PRI M.	76,8	integrador/a (B1)	77	integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	11,8%
A2	3	17,6%
B1	9	52,9%
B2	3	17,6%
C1		
C2		
TOTAL	17	99,9%

## Outras fontes:

### ●.6.Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E O INFRAESTRU TURAS- EQUIPAMENT O	Hai un ordenador por aula para uso do mestre	Ordenadores antigos Acceso a Internet lento Mala conexión WIFI

<b>G O R I A S</b>		<p>O alumnado de Quinto e Sexto conta cun ordenador persoal (proxecto Edixgal)</p> <p>O alumnado de Terceiro e Cuarto conta cun ordenador persoal (antigos ordenadores Abalar)</p> <p>O alumnado de Infantil conta con Cromebooks para o seu uso na aula.</p> <p>Equipamiento do colexio a nivel de aulas: internet e proxectores en todas as aulas e pizarras dixitais nas aulas de 5º e 6º e unha de Educación Infantil</p> <p>Ordenadores de centro interconectados (cartafol común)</p>	<p>Asistencia técnica mellorable</p> <p>Non hai unha política de protección de datos ben deseñada</p>
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<p>O profesorado síntese apoiado polo equipo directivo á hora de probar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>Posibilidade de desenvolvemento profesional continuo (DPC) no propio centro.</p> <p>Realización de diversos PFPP</p> <p>Debátese sobre o DPC no propio centro</p> <p>Búscase recursos educativos en liña</p> <p>Profesorado con adecuada competencia dixital</p> <p>Ordenadores para todo o profesorado</p>	<p>Pouco uso das novas tecnoloxías para a avaliación</p> <p>Escasa creación de recursos dixitais propios</p> <p>Profesorado sen praza definitiva</p> <p>Non todo o persoal desexa implicarse e actualizarse nas novas tecnoloxías</p> <p>Desinterés por parte dalgúns mestres/as na introducción de novas metodoloxías</p> <p>Uso de metodoloxías tradicionais por parte dalgún profesorado</p> <p>“Medo” ao uso das novas tecnoloxías, ao descoñecido ou ao que non poden controlar e supón un gran esforzo, provoca inmovilismo</p>
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<p>Obter recursos de internet de diversas fontes</p>	<p>Intercambio de experiencias con outros membros da comunidade educativa</p> <p>Participar na elaboración de contidos con outros membros da comunidade educativa</p>

<p><b>ALUMNADO</b></p>	<p>Participación do alumnado          Motivación do alumnado          Dispositivos dixitais individuais para todo o alumnado de Primaria e en parellas para o alumnado de Infantil          Uso da Aula virtual en varios cursos e de Plataforma Edixgal en 5º e 6º          Participación de 1º e 2º e 4º no Proxecto Snappet (de modo piloto)          Comportamento responsable co uso e coidado dos ordenadores          Fai un uso seguro de Internet no centro</p>	<p>Fomento dos proxectos interdisciplinares          Realización de proxectos colaborativos entre o alumnado          Adaptarse ás necesidades do alumnado          Fomento da creatividade          Implicar ao alumnado na realización de tarefas de aprendizaxe (produto final)          Avaliar as aprendizaxes e capacidades do alumnado          Avaliar as tarefas do alumnado          Fomentar a retroalimentación e a crítica construtiva          Fomentar a autorreflexión sobre a aprendizaxe          Non reconece a autoría das fontes consultadas          Non verifica a calidade da información          Non fai un uso seguro de Internet fóra do centro          Competencia dixital moi mellorable</p>
<p><b>FAMILIAS</b></p>	<p>Receptivas ás comunicacións do centro pola aplicación móbil          Boa disposición para a comunicación dixital entre profesorado, equipo directivo e familias          Comunicación a través de Abalar (cualificacións, por exemplo)</p>	<p>Escasos recursos económicos para ter equipos informáticos modernos e actualizados          Escasos recursos económicos para ter unha boa conectividade a Internet          Familias dunha situación media- baixa e que ten máis preocupación pola subsistencia da súa familia que polo que se poda facer no centro</p>
<p><b>OFERTA</b></p>	<p>Novidades de comedor na web          Modificacións de comedor na web ou por aplicación móbil          Comunicación das Actividades extraescolares a través da</p>	<p>Algunhas familias aínda non teñen descargada aplicación móbil para ver as comunicacións          Hai familias que non poden axudar ao alumnado en novas formas de ensino-aprendizaxe</p>



		<p>aplicación móbil</p> <p>Difusión en redes sociais (Instagram e Facebook) e na páxina web do centro das novidades e actividades do Centro</p>	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>Colaboración do equipo directivo para o desenvolvemento de novas modalidades de ensino</p> <p>Boa formación do profesorado en canto as TICS.</p> <p>Equipo de Tics dinamizando continuamente o centro.</p> <p>Concienciación por parte do Equipo directivo da importancia do uso das TIC e da realización dun Plan Dixital de Centro real e práctico</p>	<p>Falta dun plan dixital (estratexia dixital) ben definido</p> <p>Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe mediante o uso de tecnoloxía dixital</p> <p>Asistencia técnica</p> <p>Plan dixital elaborado por pouco profesorado, xa que a maioría non é definitivo no centro</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>C A T E G O RÍ A S</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>Solicitar equipos informáticos novos</p> <p>Mellorar a conexión WIFI (xa está solicitado o cambio de repetidores WIFI, así como a ampliación de número deles)</p> <p>Creación e uso de REA (Recursos Educativos Abertos)</p> <p>Mercar máis dispositivos dixitais, tanto para o profesorado como para o alumnado</p> <p>Permitir que o alumnado e o profesorado traian o seu dispositivo propio</p> <p>Mercar máis tablets</p> <p>Mellorar a puntuación do nivel TIC do profesorado a partir do test CDD</p>	<p>Excesiva burocratización</p> <p>Falta de tempo para coordinación entre niveis</p> <p>Non aportar máis recursos económicos para actualizar o equipamento informático</p> <p>Non responder ás demandas do centro en canto á conectividade a Internet</p> <p>Falta de tempo para preparar novos recursos informáticos adaptados á realidade do alumnado (individualizar o ensino)</p> <p>Excesiva burocracia que restan enerxía e gañas e xeran esgotamento despois da pandemia.</p> <p>Problemas técnicos frecuentes debido á estrutura do edificio e montaxes técnicos da rede wifi.</p>

		Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración.
<b>LEXISLACIÓN</b>	<p>Redactar o plan dixital acorde á lexislación vixente</p> <p>Coñecer as normas sobre dereitos de autor</p> <p>Coñecer as distintas licenzas de uso</p> <p>Ter sempre en conta a lei de protección de datos</p>	<p>Non cumprir as normas de dereitos de autor</p> <p>Non respectar as licenzas de uso</p> <p>Non respectar a lei de protección de datos</p>
<b>CONTORNA</b>	<p>Planificar axudas para favorecer un ensino mixto</p> <p>Planificar actividades para o ensino mixto</p> <p>Desenvolver actividades dixitais utilizando diversos materiais</p>	<p>Zona con moi poucos recursos económicos</p> <p>Moi poucas familias con recursos económicos suficientes para ter un equipamento informático actualizado e propio.</p> <p>O elevado número de alumnos con situacións sociais desfavorecidas que fan que a preocupación sexa outra</p>
<b>ANPA</b>	<p>Involucrar ás familias no funcionamento do Plan dixital de centro</p> <p>Solicitar a colaboración para mercar novos equipos informáticos</p> <p>Uso cada vez máis estendido das familias da aplicación móbil como canle de comunicación habituais</p> <p>Acceder cada vez máis ás redes sociais e a páxina web do centro para ver as novidades e as actividades que se están a realizar no centro</p>	<p>Poucas familias implicadas no funcionamento da ANPA</p> <p>Familias con escasos recursos económicos para estar con equipos informáticos actualizados</p> <p>Familias con escasos recursos económicos para contar cunha boa conectividade a Internet</p> <p>Familias con escasa formación para axudar ao alumnado nas dificultades que xurdan en canto ao manexo da tecnoloxía</p>
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<p>Colaborar co CFR para organizar a formación do profesorado</p>	<p>Falta de infraestrutura ou plan ben definida que guíe novas prácticas educativas</p>

		<p>Colaborar con outros centros para realizar actividades colaborativas</p> <p>Buscar unha nova empresa para a asistencia técnica</p> <p>"Imaxe" de modernidade e continua renovación ante calquera institución ou entidade</p>	<p>Ningunha axuda por parte doutra entidade.</p>
--	--	---	--

## Plan de Acción

### ●.7. *Obxectivos, indicadores e acción*

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Liderado						
<b>OBXECTIVO (1):</b>	Adquirir competencias dixitais relacionadas co traballo organizativo do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Creación dun cartafol común e dun espazo na nube onde compartir material					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai un espazo na nube onde compartimos materiais					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Ter un cartafol común e un espazo na nube onde compartir os materiais			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: Deteción de necesidades de uso de ferramentas dixitais para o traballo do equipo directivo</b>	Equipo directivo	Setembro 2022	Análese de ferramentas colaborativas a empregar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Proposta de uso de ferramentas dixitais</b>	Equipo directivo	Setembro 2022	Informatizar o centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Creación dun lugar específico na nube para os membros do Equipo directivo onde se compartan materiais.</b>	Equipo directivo	Xuño 2023	Drive Cartafol compartido en rede no centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula – Liderado</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a utilización de ferramentas dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe mediante a participación nun Polo creativo				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo, Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Creación do espazo do Polo creativo					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non temos polo creativo					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Ter o polo creativo en funcionamento			Xuño 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: Solicitar a participación no proxecto Polos creativos</b>	Equipo directivo	Setembro 2022	Información ao Claustro Aprobación do Consello Redacción do proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Posta en funcionamento do polo creativo</b>	Todo o centro	Xuño 2023	O solicitado á Xunta (tabletas, croma, equipo de gravación...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Creación dun horario de uso do Polo creativo</b>	Equipo directivo	Xuño 2023	Equipamento e aula do Polo creativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.4: Formación do</b>	Equipo Directivo e	Xuño 2023	Ponentes do CFR e		Realizada	

<b>profesorado</b>	Equipo TICS		equipamento informático		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.5: Empregar un repertorio musical, gravar videos e aprender contar contos</b>	Equipo Directivo e Equipo TICS	Xuño 2023	Equipo de son, croma e equipo de video, software ou apps para montar videos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.6: Contar contos acompañados de música</b>	Equipo Directivo e Equipo TICS	Xuño 2023	Equipo de son, croma e equipo de video, software ou apps para montar videos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.7: Gravar podcast</b>	Equipo Directivo e Equipo TICS	Xuño 2023	Equipo de son		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Fomentar a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC e Equipo Directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de aplicacións educativas Abalar-Edixgal que emprega o alumnado ou compatibles					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecemos o número de ferramentas utilizadas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Utilizar, polo menos, cinco ferramentas Abalar-Edixgal ou compatibles e cinco Apps educativas				Xuño 2023	
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1: PFPP no centro explicando o funcionamento de Abalar-Edixgal e o seu potencial</b>	Equipo directivo e Equipo TIC	Setembro 2022	Equipamento Abalar-Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Coñecer e aplicar Apps educativas no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe</b>	Equipo directivo e Equipo TIC	Xuño 2023	Tablet e Apps educativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.3: Progresar na utilización de software educativo e Apps educativas</b>	Equipo directivo e Equipo TIC	Xuño 2023	Equipamento Abalar-Edixgal Tablet e Apps educativas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Incluir propostas variadas na programación para desenvolver a Competencia Dixital nas diferentes programación de aula.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Inclusión de propostas para traballar a Competencia Dixital con ferramentas variadas					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai actividades propostas definidas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Incremento do número de actividades propostas e realización efectiva das mesmas (Realizar un mínimo de dúas no curso)			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1: Explicación ao profesorado dos cursos en aberto na Aula virtual</b>	Equipo TIC e Equipo Directivo	Xuño 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO4.2: Organización de obradoiros co alumnado</b>	Equipo TIC e Docentes	Xuño 2023	Equipamento dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



Táboa do

Plan de Acción

do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo						
<b>4 OBXECTIVO (1):</b>	Ter espazos para aprender a aprender na Aula virtual do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo e Equipo TICS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cursos creados na Aula virtual					
<b>Valor de partida (3)</b>	Número de cursos xa creados para aprender a aprender (tres)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Ampliar o número de cursos creados que permitan adquirir novas aprendizaxes (cinco)			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO5.1: Abrir os cursos creados para compartir aprendizaxes</b>	Equipo directivo e Equipo TICS	Setembro 2022	Aula virtual e cursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.2: Crear novos cursos para compartir aprendizaxes</b>	Equipo directivo e Equipo TICS	Xuño 2023	Aula virtual e cursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>"Área/s de mellora": Prácticas de avaliación</b>						
<b>5.OBXECTIVO (1):</b>	Avaliar as habilidades dixitais do alumnado				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Ter nas programacións instrumentos que permitan avaliar as habilidades dixitais mediante o uso de rúbricas					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existen rúbricas para aavaliar as habilidades dixitais nas programacións					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Elaborar unha rúbrica por ciclo para avaliar as habilidades dixitais			Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO6.1:Elaborar unha rúbrica por ciclo para avaliar as habilidades dixitais do alumnado</b>	Equipo TIC e docentes	Xuño 2023	Equipamento TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>"Área/s de mellora": Infraestrutura e Equipos</b>						
<b>6.OBXECTIVO (1):</b>	Poñer en práctica un protocolo TIC para as incidencias				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Creación dun protocolo TIC para resolución de incidencias					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non contamos cun protocolo claro para a resolución de incidencias					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Contar cun protocolo para a resolución de incidencias			Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A07.1: Elaborar un protocolo de incidencias</b>	Equipo TIC	Setembro 2022	Equipamento dixital Protocolo elaborado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A07.2: Crear un cartafol compartido de incidencias</b>	Equipo TIC	Xaneiro 2023	Equipamento dixital Protocolo elaborado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## ●.1.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	<b>Dotación</b>	<b>Necesidade</b>	<b>Finalidade</b>
<i>Infraestrutura</i>	<i>(cantidade )</i>	<i>(por que?)</i>	<i>(para que?)</i>
<i>Equipamento</i>	<i>2 ordenadores de sobremesa</i>	<i>Temos 2 ordenadores obsoletos.</i>	<i>Actualización deses medios informáticos do equipo directivo.</i>
<i>Equipamento</i>	<i>2 ordenadores portátiles</i>	<i>O equipo directivo non conta con equipo portátil.</i>	<i>Poder continuar os traballos de Dirección desde outros lugares con equipamento propio do centro.</i>
<i>Equipamento</i>	<i>2 EDI ou pantalla interactiva</i>	<i>Substituir o EDI estopeado na Aula de Relixión Aumentar o número de EDI</i>	<i>Colocar un EDI na aula onde se vai desenvolver o Polo creativo (Aula de Relixión) Ir contando cun EDI en todas as Aulas do centro</i>
<i>Equipamento</i>	<i>3 Tablets</i>	<i>Aumentar o número de Tablets no centro</i>	<i>Crear diferentes talleres co alumnado e desenvolver o Polo creativo</i>
<i>Equipamento</i>	<b><i>12 Chromebook</i></b>	<i>Substituir os ordenadores obsoletos de Informática (teñen máis de quince anos)</i>	<i>Utilizar os Chromebook en Infantil, sen ter que subir á Aula de Informática Xa está realizada a compra. Queda poñelos en funcionamento.</i>
<i>Equipamento</i> <i>Ampliación da cobertura WIFI</i>	<b><i>Substitución da rede ED pola rede edu.xunta</i></b>	<i>Ampliar o número de repetidores WIFI</i>	<i>Ter cobertura wifi no interior do centro Xa se colocaron repetidores WIFI por todo o centro e xa hai cobertura total no interior do mesmo da rede edu.xunta</i>
<i>Servizos dixitais</i>	<i>Mensaxería instantánea</i>	<i>Precisamos comunicarnos eficientemente e que quede constancia da comunicación</i>	<i>Empregar o tempo ergonomicamente e non gastar papel.</i>

## Avaliación do plan

### . 4.1.- Seguimento

Para o seguimento da posta en funcionamento deste Plan Dixital, será realizado por parte do Equipo para a Dinamización das TIC do centro , así como polo Equipo directivo do mesmo. Neste proceso teranse en conta estes dous momentos:

**Avaliación procesual:** Farase un seguimento do grao de cumprimento, por parte do Equipo para dinamización das TIC, polo menos unha vez por trimestre, dentro das reunións establecidas polo citado equipo. Desta avaliación propóranse á CCP cambios ou modificacións a incluír no Plan de cara a incrementar a súa eficacia real, que permita unha consecución satisfactoria dos obxectivos propostos.

**Avaliación final:** Rematado cada curso escolar, o Equipo para dinamización das TIC fará un seguimento do grao de consecución dos obxectivos establecidos, facendo unha proposta de valoración para cada un deles que presentará ó claustro de mestres/as, onde será debatido e completado coa participación de tódolos integrantes.

### . 4.2.- Propostas de mellora (revisión)

Como resultado do seguimento, antes sinalado, o Claustro fará as propostas definitivas, para modificar e mellorar este Plan, nun proceso continuo de actualización, que permita unha mellor consecución efectiva dos obxectivos propostos.

Estas propostas, uha vez acordadas, serán incluídas no presente plan para seren sometidos á consideración do Consello Escolar, para a súa aprobación definitiva.

## Difusión do plan

Este Plan Dixital será difundido entre a comunidade educativa para o seu coñecemento, ó fin de que poidan coñecelo e facer as aportacións que consideren oportuno.

A tal fin establecemos as seguintes vías para difusión e para dar publicidade a este plan:

- Publicación na páxina web do centro unha aprobado por parte do Consello Escolar.
- Presentación do plan ás familias e envío do mesmo á AMPA, para que poidan difundilo entre as familias.
- Remisión ás familias do Plan Dixital a través da aplicación móbil